

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019751	IES Antón Alonso Ríos	Tomiño	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	9
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	10
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	11
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	13
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	13
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	15
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	16
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	18
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	19
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	20
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	21
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	21
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	22
o) Outros apartados	22

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O IES Antón Alonso Ríos é un centro situado no concello pontevedrés de Tomiño e que conta cunha ampla oferta educativa. Imparte estudos de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato, un ciclo de Formación Profesional de Grao Básico de Agroxardinaría e composicións florais e outro de Electricidade e electrónica, e dous ciclos formativos de Grao Medio de Aproveitamento e conservación do medio natural e Instalacións de telecomunicacións. Con tal variedade de estudos e, xa que logo, un perfil tan diferente de alumnado, os obxectivos xerais teñen de ser necesariamente amplos como para atinxir a un espectro de alumnado tan grande.

Tendo en conta o anterior, o noso centro formula os seguintes obxectivos xerais:

1. Desenvolver a súa capacidade de comunicarse eficazmente en galego, castelán e linguas estranxeiras, tanto de forma oral como escrita.
2. Fomentar o traballo en equipo, mostrando a importancia da cooperación, a solidariedade e o respecto mutuo. Do mesmo xeito, a cidadanía democrática, a tolerancia e o respecto á diversidade.
3. Promover valores como a igualdade de xénero, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, o rexeitamento de estereotipos sexistas e a valoración da diversidade en todas as súas formas. Rexeitar calquera tipo de violencia e os prexuízos.
4. Desenvolver destrezas para o uso crítico e responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Importancia do coñecemento científico e tecnolóxico, fomentando a comprensión dos métodos científicos e a valoración crítica da súa contribución á sociedade.
5. Desenvolver o pensamento crítico, a iniciativa persoal, a creatividade e a capacidade de toma de decisións. Promover a aprendizaxe autónoma e continua. Isto inclúe habilidades para aprender a aprender, a capacidade de adaptación a novos contextos e a disposición para a formación ao longo da vida.
6. Educar cidadáns responsables que contribúan positivamente ao coidado do medio ambiente e ao desenvolvemento sostible. Tomar conciencia sobre o cambio climático.
7. Fomentar hábitos de vida saudables e a práctica deportiva, de grande importancia no desenvolvemento persoal e social.
8. Respetar o patrimonio cultural, tanto material como inmaterial, de Galicia e do mundo.

Estes puntos comúns reflecten unha visión integral da educación que busca non só o desenvolvemento académico, senón tamén o persoal e social dos estudantes. A educación no IES Antón Alonso Ríos de Tomiño, polo tanto, está deseñada para proporcionar unha base sólida en varios aspectos da vida dos estudantes, preparándoos non só para os seus futuros profesionais, senón tamén para ser membros activos e positivos da súa comunidade.

- Os obxectivos de etapa integrados no currículo da educación secundaria obrigatoria son os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o

patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

- O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

- Os obxectivos xerais do ciclo formativo de formación profesional básica de Electricidade e Electrónica son os seguintes:

a) Seleccionar os utensilios, as ferramentas, os equipamentos e os medios de montaxe e de seguridade, recoñecendo os materiais reais e considerando as operacións que cumpra realizar, para reunir os recursos e os medios.

- b) Marcar a posición e aplicar técnicas de fixación de canalizacións, tubos e soportes utilizando as ferramentas adecuadas e o procedemento establecido, para realizar a montaxe.
- c) Aplicar técnicas de tendido e guía de cables seguindo os procedementos establecidos e manexando as ferramentas e os medios correspondentes, para tender o cableamento.
- d) Aplicar técnicas sinxelas de montaxe, manexando equipamentos, ferramentas e instrumentos, segundo procedementos establecidos e en condicións de seguridade, para montar equipamentos e elementos auxiliares.
- e) Identificar e manexar as ferramentas utilizadas para mecanizar e unir elementos das instalacións en diferentes situacións que se produzan no mecanizado e na unión de elementos das instalacións.
- f) Utilizar equipamentos de medida e relacionar os parámetros que cumpra medir coa configuración dos equipamentos e coa súa aplicación nas instalacións, de acordo coas instrucións de fábrica, para realizar probas e verificacións.
- g) Desmontar e montar os equipamentos, substituír os elementos defectuosos e realizar os axustes necesarios, para manter e reparar instalacións e equipamentos.
- h) Verificar a conexión e os parámetros característicos da instalación utilizando os equipamentos de medida en condicións de calidade e seguridade, para realizar operacións de mantemento.
- i) Comprender os fenómenos que acontecen no ámbito natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos campos do coñecemento e da experiencia.
- j) Desenvolver habilidades para formular, interpretar e resolver problemas, e aplicar o razoamento de cálculo matemático para se desenvolver na sociedade e no ámbito laboral, e para xestionar os seus recursos económicos.
- k) Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e pólos en relación coa saúde individual e colectiva, e valorar a hixiene e a saúde, para permitir o desenvolvemento e o afianzamento de hábitos saudables de vida en función do contorno.
- l) Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e a sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural, para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental.
- m) Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información nos contornos persoal, social ou profesional.
- n) Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas de análise básica dos seus elementos, para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.
- ñ) Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas, e alcanzar o nivel requirido de precisión, claridade e fluidez, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá, para se comunicar no seu contexto social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
- o) Desenvolver habilidades lingüísticas básicas en lingua estranxeira para se comunicar de xeito oral e escrito en situacións habituais e predicibles da vida cotiá e profesional.
- p) Recoñecer causas e trazos propios de fenómenos e acontecementos contemporáneos, a súa evolución histórica e a súa distribución xeográfica, para explicar as características propias das sociedades contemporáneas.
- q) Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, aplicándoos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos.
- r) Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, para se adaptar ás novas situacións laborais e persoais.
- s) Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo/a, a participación e o espírito crítico, para resolver situacións e incidencias da actividade profesional ou de índole persoal.
- t) Desenvolver traballos en equipo asumindo os deberes, cooperando coas demais persoas con tolerancia e respecto, para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
- u) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para se informar, se comunicar, aprender e facilitar as tarefas laborais.
- v) Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral, co propósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ambientais e ás demais persoas.
- w) Desenvolver as técnicas da súa actividade profesional asegurando a eficacia e a calidade no seu traballo, e propor, se procede, melloras nas actividades de traballo.
- x) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- y) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.
- z) Rexeitar calquera discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.

• Os obxectivos xerais do ciclo formativo de formación profesional básica de Agroxardinaría e Composicións Florais son os seguintes:

- a) Recoñecer e identificar os protocolos establecidos sobre infraestruturas, instalacións, maquinaria e equipamentos, en relación coas funcións que vaian desenvolver, para levar a cabo as operacións auxiliares de montaxe, mantemento, limpeza e desinfección.
- b) Identificar o cultivo que se vaia realizar xustificando a selección da maquinaria e/ou outras ferramentas, co fin de preparar o terreo e o substrato.
- c) Identificar o produto que se desexe obter considerando as características do terreo, co fin de sementar, plantar ou transplantar cultivos.
- d) Identificar as características do cultivo e do solo, recoñecendo e xustificando as súas necesidades, co fin de regalar e realizar os labores culturais.
- e) Identificar as necesidades nutritivas dos cultivos e os seus tratamentos preventivos e curativos, en relación cos fertilizantes e coas súas causas, co fin de fertilizalos e aplicar os tratamentos fitosanitarios.
- f) Identificar e seleccionar material de floraría e auxiliares, describindo as súas características e propiedades, para o seu aprovisionamento.
- g) Describir as técnicas de reprodución das especies vexetais recoñecendo os recursos e os mecanismos aplicables, co fin de realizar os traballos básicos para a multiplicación sexual do material vexetal.
- h) Explicar as técnicas de montaxe, desmontaxe e decoración, describindo as ferramentas e o material necesario, para montar e desmontar traballos de decoración floral.
- i) Identificar técnicas estéticas de envoltorio en relación cos materiais dispoñibles e coas características do produto, co fin de envolver composicións florais e/ou con plantas e satisfacer a clientela.
- j) Determinar as necesidades de conservación e mantemento de zonas axardinadas xustificando a selección das técnicas, para realizar a súa limpeza e o seu coidado.
- k) Comprender os fenómenos que acontecen no ámbito natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos campos do coñecemento e da experiencia.
- l) Desenvolver habilidades para formular, interpretar e resolver problemas, e aplicar o razoamento de cálculo matemático, para se desenvolver na sociedade e no ámbito laboral, e para xestionar os seus recursos económicos.
- m) Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e pólos en relación coa saúde individual e colectiva, e valorar a hixiene e a saúde, para permitir o desenvolvemento e o afianzamento de hábitos saudables de vida en función do contorno.
- n) Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e a sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural, para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental.
- ñ) Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información nos contornos persoal, social ou profesional.
- o) Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas análise básico dos seus elementos para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.
- p) Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas, e alcanzar o nivel requirido de precisión, claridade e fluidez, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá, para se comunicar no seu contexto social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
- q) Desenvolver habilidades lingüísticas básicas en lingua estranxeira para se comunicar de xeito oral e escrito en situacións habituais e predicibles da vida cotiá e profesional.
- r) Recoñecer causas e trazos propios de fenómenos e acontecementos contemporáneos, a súa evolución histórica e a súa distribución xeográfica, para explicar as características propias das sociedades contemporáneas.
- s) Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, aplicándoos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos.
- t) Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, para se adaptar ás novas situacións laborais e persoais.
- u) Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo/a, a participación e o espírito crítico, para resolver situacións e incidencias da actividade profesional ou de índole persoal.
- v) Desenvolver traballos en equipo asumindo os deberes, cooperando coas demais persoas con tolerancia e respecto, para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
- w) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para se informar, se comunicar, aprender e facilitar as tarefas laborais.
- x) Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral, co propósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ambientais e ás demais persoas.
- y) Desenvolver as técnicas da súa actividade profesional asegurando a eficacia e a calidade no seu traballo, e propor,

se procede, melloras nas actividades de traballo.

z) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

aa) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.

ab) Rexeitar calquera discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.

• Os obxectivos xerais do ciclo formativo de grao medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural son os seguintes:

a) Interpretar os plans técnicos, analizando as súas especificacións, para realizar as operacións de aproveitamento forestal.

b) Realizar os labores segundo boas prácticas, xustificando a selección e a regulación dos equipamentos, para preparar o terreo.

c) Describir e utilizar os métodos de mostraxe, identificando os procedementos de contaxe, para cuantificar os axentes beneficiosos e prexudiciais dos cultivos.

d) Describir e executar o proceso de tratamento fitosanitario, analizando a documentación técnica e seleccionando os equipamentos, para a súa preparación e aplicación.

e) Identificar e describir os parámetros técnicos e de calidade, para realizar a colleita de froitas e sementes.

f) Realizar os labores descritos na programación do traballo, identificando as técnicas para a propagación e o cultivo de plantas.

g) Seleccionar e manexar a maquinaria, describindo técnicas de conservación do medio, para realizar os tratamentos silvícolas.

h) Interpretar a lexislación, analizando a normativa ambiental, para detectar as infraccións.

i) Identificar os equipamentos e os medios de vixilancia, e operar con eles, relacionando os protocolos de actuación cos procedementos, para detectar incendios forestais e outras incidencias.

j) Seleccionar e utilizar os medios e os equipamentos, aplicando protocolos de actuación, para realizar a prevención de incendios forestais.

k) Elaborar itinerarios, aplicando protocolos establecidos, para realizar actividades de guía do medio natural.

l) Interpretar os plans técnicos, analizando as súas partes e o seu contido, para conservar ou mellorar o hábitat cinexético e piscícola.

m) Analizar a lexislación, describindo as actividades de caza e pesca, para controlar os aproveitamentos cinexéticos e piscícolas.

n) Recoñecer os elementos de control de máquinas e equipamentos, e operar con eles, en relación coas funcións que realizan, para os manexar e os manter.

ñ) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a situacións profesionais e laborais.

o) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais, para actuar con responsabilidade e autonomía.

p) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.

q) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.

r) Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, en relación coas súas causas, co fin de fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos propios, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.

s) Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.

t) Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e do sector produtivo de referencia.

u) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

v) Recoñecer os seus dereitos e os seus deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

w) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.

- Os obxectivos xerais do ciclo formativo de Grao Medio en Instalacións de Comunicacións son os seguintes:
 - a) Identificar os elementos das infraestruturas, das instalacións e dos equipamentos, analizando planos e esquemas e recoñecendo os materiais e os procedementos previstos, para establecer a loxística asociada á montaxe e ao mantemento.
 - b) Elaborar esbozos e esquemas empregando medios e técnicas de debuxo e representación simbólica normalizada, para configurar e calcular a instalación.
 - c) Obter os parámetros típicos das instalacións e dos equipamentos, aplicando procedementos de cálculo e atendendo ás especificacións e ás prescricións regulamentarias, para configurar e calcular a instalación.
 - d) Valorar o custo dos materiais e da man de obra, consultando catálogos e unidades de obra, para elaborar o orzamento da montaxe ou do mantemento.
 - e) Seleccionar os utensilios, as ferramentas, os equipamentos e os medios de montaxe e de seguridade, analizando as condicións de obra e considerando as operacións que haxa que realizar, para dotarse dos recursos e dos medios.
 - f) Identificar e marcar a posición dos elementos da instalación ou do equipamento, así como o trazado dos circuitos, relacionando os planos da documentación técnica coa súa situación real, para realizar a traza da instalación.
 - g) Identificar, ensamblar e interconectar periféricos e compoñentes atendendo ás especificacións técnicas, para montar ou ampliar equipamentos informáticos e periféricos.
 - h) Recoñecer e executar os procedementos de instalación e carga de programas, seguindo as especificacións de fábrica e aplicando criterios de calidade, para instalar e configurar software base, sistemas operativos e aplicacións.
 - i) Aplicar técnicas de mecanizado, conexión, medición e montaxe, manexando os equipamentos, as ferramentas e os instrumentos segundo procedementos establecidos e en condicións de calidade e seguridade, para efectuar a montaxe ou o mantemento dos elementos compoñentes de infraestruturas.
 - j) Colocar e fixar os equipamentos e os elementos soporte e auxiliares, interpretando os planos e as especificacións de montaxe, en condicións de seguridade e calidade, para montar equipamentos, instalacións e infraestruturas.
 - k) Conectar os equipamentos e os elementos auxiliares mediante técnicas de conexión e empalme, de acordo cos esquemas da documentación técnica, para montar as infraestruturas e para instalar os equipamentos.
 - l) Cargar ou envorcar programas seguindo as instrucións de fábrica e aplicando criterios de calidade para instalar equipamentos.
 - m) Analizar e localizar os efectos e as causas de disfuncións ou avarías nas instalacións e nos equipamentos utilizando equipamentos de medida, e interpretar os resultados, para levar a cabo a súa reparación.
 - n) Comprobar a configuración e o software de control dos equipamentos seguindo as instrucións de fábrica, para manter e reparar instalacións e equipamentos.
 - ñ) Substituír os elementos defectuosos, desmontando e montando os equipamentos, e realizar os axustes necesarios, analizando plans de mantemento e protocolos de calidade e seguridade, para manter e reparar instalacións e equipamentos.
 - o) Comprobar as conexións, o software, os sinais e os parámetros característicos, entre outros, utilizando a instrumentación e os protocolos establecidos, en condicións de calidade e seguridade, para verificar o funcionamento da instalación ou do equipamento.
 - p) Cubrir fichas de mantemento, informes de montaxe e reparación, e manuais de instrucións, seguindo os procedementos e os formatos establecidos, para elaborar a documentación da instalación ou do equipamento.
 - q) Analizar e describir os procedementos de calidade, e de prevención de riscos laborais e ambientais, sinalando as accións que cumpra realizar nos casos definidos, para actuar de acordo coas normas estandarizadas.
 - r) Manter comunicacións efectivas co seu grupo de traballo, interpretando e xerando instrucións, propondo solucións ante continxencias e coordinando as actividades dos membros do grupo con actitude aberta e responsable, para se integrar na organización da empresa.
 - s) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, identificando a súa achega ao proceso global, para participar activamente nos grupos de traballo e conseguir os obxectivos de produción.
 - t) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
 - u) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado, para se adaptar a diferentes postos de traballo.
 - v) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.
 - w) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas no Consello da Unión Europea e responden á necesidade de vincular os retos e desafíos do século XXI cos principios e finalidades do sistema educativo. Estas competencias son traballadas en todas as materias e concrépanse nas programacións didácticas. Establécense as oito seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

- Competencia en comunicación lingüística
 - Creación de espazos onde o alumnado poida realizar exposicións orais ante un público: congresos, celebracións, entregas de premios...
 - Incentivar o uso da Radio Escolar.
 - Impulso da creación escrita a través de concursos de relato e poesía.
 - Fomento da lectura a través da Biblioteca do centro e o Club de lectura ou das iniciativas coma a Hora de Ler.
 - Promoción do galego como lingua vehicular do centro.
- Competencia plurilingüe.
 - Oferta de segundas linguas estranxeiras: francés e portugués.
 - Promoción de viaxes e intercambios.
 - Mostra da diversidade lingüística do centro a través de actividades e proxectos.
 - Concienciación do galego como lingua con función internacional.
 - Apoio e asesoría na realización de probas de certificación de linguas estranxeiras (francés, inglés e portugués)
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
 - Organización de actividades que promoven o método científico: experimentos científicos, congreso científico...
 - Inclusión no proxecto de Polos Creativos, coa correspondente dotación de material que promove a innovación.
 - Fomento da investigación científica a través da participación no programa Club de Ciencia.
- Competencia dixital.
 - Uso do libro dixital (Edixgal).
 - Afondamento no uso seguro e responsable das TIC.
 - Adquisición dos obxectivos do Plan Dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
 - Atención ao benestar emocional do alumnado dende as titorías e proxectos como o Mes das Emocións.
 - Posta en marcha de xornadas de convivio en cursos baixos.
 - Participación en grupo nas competicións escolares.
 - Achegamento de técnicas de estudo como parte da Acción tutorial.
 - Charlas e obradoiros de orientación académico-profesional.
- Competencia cidadá.
 - Garantir a integración de todos os membros da comunidade educativa.
 - Fomento da resolución pacífica dos conflitos a través do Equipo de Mediación entre iguais.
 - Promoción dos valores de respecto e tolerancia, cooperación, visibilización da diversidade e feminismo.
- Competencia emprendedora.
 - Construción de espazos nos que o alumnado poida desenvolver as súas habilidades e experimentar a súa creatividade.
 - Preparación de iniciativas que fomenten o espírito emprendedor a través del Plan Eduemprende.

- Competencia en conciencia e expresión culturais.
- Divulgación de actividades na contorna.
- Valoración do patrimonio material e inmaterial galego.
- Celebración de festas populares e conmemoracións: Magosto, Entroido, Letras Galegas...
- Investigación e recollida de saberes e tradicións galegas.
- Proxección dunha actitude positiva ante a diversidade cultural.
- Elaboración dun proxecto interdisciplinar centrado na potenciación das actividades artísticas dende as diferentes áreas de coñecemento.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

No noso centro apostamos por un ensino que garanta os principios de inclusión, equidade e cooperación. Por iso, establecemos os seguintes principios pedagóxicos que serán o alicerce da organización do centro e da propia práctica docente:

1. Priorizar os recursos do centro para a atención á diversidade naqueles niveis nos que se concentra un maior número de alumnado con necesidades educativas.
2. Pór en valor a acción titorial como mecanismo de cooperación, comunicación, mediación e inclusión.
3. Fomentar a coordinación, vertical e horizontal, entre todos os axentes implicados no proceso de ensino-aprendizaxe e toda a comunidade educativa.
4. Sustentar a práctica docente nun verdadeiro enfoque comunicativo.
5. Apostar pola implementación de dinámicas cooperativas na aula e de proxectos colaborativos de centro, tendo como modelo o Deseño Univesal da Aprendizaxe (DUA).
6. Promover a Alfabetización en Medios e Información (AMI) así como a Alfabetización Informacional (ALFIN).

Para garantir os principios de inclusión, equidade e cooperación, establécense os seguintes criterios para a formación dos grupos nas etapas da ESO e do Bacharelato:

- a) unha ratio similar en todos os grupos do mesmo nivel
- b) harmonía na repartición segundo o nivel curricular
- c) reparto equitativo do alumnado repetidor
- d) distribución equitativa do alumnado con NEAE
- e) procura de harmonía e equilibrio emocional
- f) separación do alumnado con problemas de convivencia detectados
- g) xusta proporción na distribución por sexos

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os currículos da ESO e Bacharelato establecen unha relación de elementos transversais de importancia para a formación social e emocional do noso alumnado. É por iso que este é un dos aspectos que máis fomentamos no noso centro dende as actividades dos diferentes departamentos e doutros sectores da comunidade educativa. Neste senso, o centro funciona de forma unida colaborando Departamentos Didácticos, Dirección, Equipo de Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Igualdade, Club de Ciencias, Equipo de Mediación, ANPA, Concello de Tomiño e diferentes equipos e proxectos que se levan a cabo no centro, como Deporte Escolar ou a Radio Escolar.

- Poñemos especial énfase na comprensión e expresión oral e escrita do noso alumnado a través de diferentes propostas. O Equipo de Biblioteca organiza a Hora de Ler, unha actividade que pretende fomentar o hábito lector a partir de dez minutos diarios. Isto vese reforzado polo Club de Lectura. A expresión oral é canalizada a través da Radio Escolar, na que o alumnado fai entrevistas, programas especiais, debates, relatos etc. Este curso, a través da participación no programa Polos Creativos, o centro conta cun equipamento que fortalece o tratamento dalgúns dos elementos transversais. Neste caso, contamos con cámaras, sala con croma, na que espertar a creatividade e creación audiovisual. En conexión con isto, e para fomentar a creación escrita, lévanse a cabo diferentes concursos ao longo do ano de poesía, relato curto, fotografía...

- Por suposto, o compromiso do centro co fomento da lingua galega é claro e dada a situación sociolingüística tanto da xeralidade galega coma da nosa realidade máis próxima, esta lingua xoga un papel principal nas actividades anteriores camiñando da man do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

- Por outro lado, é fundamental a nosa aposta pola igualdade de xénero e a educación afectivo-sexual da que se

encarga o Equipo de Igualdade a través de charlas, obradoiros e conmemoracións en datas sinaladas, como por exemplo o Día Contra a Violencia de Xénero, o Día da Muller ou o mes do Orgullo e mediante a organización de actividades en colaboración con entidades especializadas como Igualadas ou Érguete Baixo Miño.

- Reservamos un lugar destacado no noso centro para traballar o plano emocional de profesorado e alumnado. Hoxe en día, os cuidados da saúde mental son máis importantes ca nunca e as características sociais do noso alumnado fan que este sexa un dos nosos puntos fundamentais. Unha das iniciativas que levamos propoñendo varios anos é o Mes das Emocións, en febreiro. Durante este período impártense obradoiros, charlas e actividades dende as titorías para tratar diferentes aspectos dentro desta temática en relación coa etapa educativa (vocabulario emocional, comunicación dos sentimentos, localización dos sentimentos no corpo, a ansiedade, técnicas con animais etc.). Este curso tamén desenvolveremos unha formación permanente do profesorado no ámbito do benestar emocional e contamos no centro cunha coordinadora de benestar emocional e convivencia.

- Outro aspecto de relevancia é construír persoas con espírito crítico e científico. As actividades neste plano concéntranse nun Congreso Científico que xa leva varias edicións e na que o noso alumnado presenta as investigacións que levou a cabo en distintas materias, así como outras personalidades do mundo da ciencia imparten conferencias. Son importantes neste apartado as conmemoracións, como é o Mes da Ciencia (novembro), durante o cal o Club de Ciencias e o alumnado voluntario da ESO realiza experimentos nos recreos.

- En relación ao punto anterior, é tamén de grande importancia a concienciación sobre o cambio climático e o consumo responsable. É por iso que desenvolvemos iniciativas como a semana da reciclaxe ou o día da árbore.

- O Equipo de Mediación traballa na formación de alumnado para levar a cabo mediacións entre iguais que fomenten a resolución pacífica de conflitos e dea maior protagonismo ao alumnado.

- En relación aos hábitos de vida saudables, o centro ten un claro compromiso co deporte e a vida sana, polo que participamos en proxectos de Deporte Escolar ou reparto de froita. As competicións deportivas nos recreos axudan a mellorar a convivencia no centro e promover a vida sa.

- Consideramos de grande importancia que as novas xeracións fagan un uso crítico e responsable das tecnoloxías polo que contribuímos con diversas formacións a lograr que o alumnado faga un uso responsable das tecnoloxías e das redes sociais. Do mesmo xeito, promoverase a alfabetización en medios e información e alfabetización informacional mediante as iniciativas desenvolvidas por parte do Equipo de Biblioteca, os obxectivos e actuacións definidos no Plan Dixital do centro e contando cos recursos do Proxecto Edixgal.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaranse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función da materia, do momento e dos contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender aos distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización das aulas sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación con todo o equipo docente. Todo isto, sen esquecer a contribución que cada materia faga a través das súas programacións didácticas e as medidas non curriculares relacionadas coa organización e o funcionamento do centro, o plan de convivencia, o plan de acción tutorial, etc.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios tratarase de obter información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo destes coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

- Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilidade dos contidos tratados.

- Fomentarase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

- Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSIANZA

Os principios dos que vimos de falar sêrvennos de base para o proceso de ensino. Agora ben, se tiveramos que concretar dun xeito máis preciso como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica, etc, entre os posibles métodos de ensinanza para lograr levar a cabo ditos principios metodolóxicos, neste centro fomentaranse os seguintes (partindo da liberdade de cátedra de cada docente):

- A clase invertida: proporlle aos alumnos que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizar a aula para

resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

- Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

- Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores.

- Método tutorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro ou edixgal, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

- Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introdutorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas. As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos das distintas materias.

TRABALLO COOPERATIVO

Ademais destes métodos de ensino, o noso centro está firmemente implicado coa formación do seu equipo docente para así trasladar despois á aula estes coñecementos, destrezas e habilidades adquiridos a través dunha metodoloxía colaborativa e interdisciplinar. Así e co fin de mellorar a coordinación e a comunicación interdepartamental, terán lugar reunións dos equipos docentes por niveis co fin de promover a comunicación entre disciplinas e fomentar o deseño e execución de proxectos, tarefas e actividades interdisciplinares e colaborativas. A maiores, e dende un punto de vista organizativo, e previa solicitude do profesorado responsable, ofrécese a posibilidade aos diferentes departamentos de simultanear no horario a carga lectiva de materias ou módulos diferentes dentro dun mesmo nivel. Entre as diferentes liñas de formación e proxectos nos que o centro está actualmente inmerso destacan:

- PFPP de Aprendizaxe Cooperativo.
- PFPP de Benestar Emocional.
- PFPP de Polos Creativos.
- PFPP de Radio na Biblioteca
- Proxecto LÓVA.
- Proxecto Interdisciplinar anual.
- Clube de lectura.
- Clube de Ciencia.
- Congreso Científico.
- Febreiro: mes das emocións.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade xoga un papel fundamental dentro dos principios pedagóxicos do centro, de aí que as metodoloxías inclusivas sexan un dos piares máis importantes no día a día do centro. Como mostra deste principio indícanse as seguintes actuacións:

- Redución da ratio das unidades de 1º e 2º da ESO mediante o incremento dun grupo de referencia en cada nivel.
- Priorización dos recursos nas materias de Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura nos niveis de 1º e 2º da ESO mediante profesorado con dispoñibilidade horaria para reforzos en aula e/ou a asignación de horas de libre disposición de centro.
 - Organización dunha hora de desdobre por grpo en 1º e 2º ESO para favorecer as actividades prácticas en laboratorio nas materias de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química.
 - Organización dunha hora de desdobre por grupo en 3º e 4º ESO para favorecer as destrezas comunicativas na 1ª Lingua Estranxeira: inglés.
 - Apoio ao fomento da oralidade na primeira lingua estranxeira: inglés e á técnica de comentario de textos na etapa do Bacharelato.
 - Coordinación cos centros de primaria adscritos para facilitar o traspaso de información da situación académica e curricular e sociofamiliar do alumnado.
 - Aplicación dun plan de acollida para o alumnado de nova incorporación en 1º da ESO.
 - Coordinación entre o profesorado titor, orientación e xefatura de estudos na detección e seguemento das necesidades do alumnado ao longo do curso escolar.
 - Detección e selección do alumnado con maiores necesidades para o seu reforzo a través dunha atención máis

personalizada co profesorado de Pedagogía Terapéutica baixo a coordinación do Departamento de Orientación.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

En relación cos principios metodolóxicos e cos métodos de ensinanza mencionados anteriormente, están os recursos e os materiais didácticos cos que se levarán a cabo as diferentes estratexias para acadar os obxectivos de ensino-aprendizaxe.

A idea principal é pór a disposición de todo o equipo docente os recursos dispoñibles cos que conta o centro para que sexan eles mesmos os que decidan cales son os que mellor se adaptan á súa materia, momento e grupo de alumnado.

Os materiais e recursos didácticos cos que conta o centro, entre outros, son os seguintes:

- Dúas aulas de informática con software específico e aplicacións web.
- Laboratorios de Física, Química e Bioloxía.
- Taller de Tecnoloxía e Plástica.
- Talleres de Electrónica e Forestais.
- Aula de apoio/convivencia.
- Biblioteca (con radio, tablets e un amplo catálogo de libros de lectura).
- Ximnasio e pavillón.
- Salón de actos.
- Material do proxecto Polos Creativos: impresora 3D, máquina de costura, gafas de realidade virtual, etc.
- Radio propia do centro.
- Páxina web do centro (na cal se recolle toda a información de interese para a comunidade educativa).
- Canles de difusión: facebook, instagram EDLG, instagram biblioteca.
- Libros de texto (en determinadas materias e niveis).
- Libro e material dixital: EDIXGAL.
- Aula Virtual do centro.
- Ecerado dixital e de rotulador en todas as aulas.
- Material de reforzo e ampliación nos distintos departamentos.
- Xogos de mesa educativos (Dpto de Orientación e Biblioteca).
- Material deportivo.
- Dende o Departamento de Orientación tramítase a petición de material especial para o alumnado con NEE.

Asemade, cada departamento contará cun orzamento anual (o cal estará determinado, entre outros factores, polo volume de alumnado, o número de titorías asociadas ao mesmo e a necesidade de recursos para laboratorios, talleres ou aulas específicas) co cal poderán adquirir aqueles recursos e materiais didácticos necesarios para poder garantir a boa marcha do curso.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA

O centro conta coa seguinte oferta educativa para o presente curso:

- ESO: 1º (5 grupos), 2º (5 grupos), 3º (4 grupos) e 4º (3 grupos);
- Bacharelato: modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais, 2 grupos en 1º e 2º grupos en 2º;
- Formación Profesional de Grao Básico: Agroxardinería e composicións florais (1 grupo) e Electricidade e electrónica (1 grupo).
- Formación Profesional de Grao Medio: Aproveitamento e conservación do medio natural (1 grupo en 1º e 1 grupo en 2º) e Instalacións de Telecomunicacións (1 grupo en 2º). No presente curso non se imparte o 1º curso do Ciclo Medio en Instalacións de Telecomunicacións por non contar co número mínimo requirido de alumnado matriculado.

ITINERARIOS E OPTATIVIDADE

Consonte o recollido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio e nas normas que a desenvolven, pola que os centros dispoñen de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, (a fin de orientar a elección do alumnado, poderanse establecer agrupacións das materias ou establecer itinerarios art. 25.4 LOMLOE; art. 4.3. Orde de 26 de maio, polo que se establece o currículo da ESO; art. 4.3. Orde de 26 de maio, polo que se establece o currículo

do Bacharelato) e con base nos acordos adoptados nas CCP (18 de maio e 15 de xuño) e tendo en conta as solicitudes do alumnado no proceso de matrícula, a oferta de materias optativas e itinerarios do IES Antón Alonso Ríos responde aos seguintes criterios pedagóxicos:

- Priorización do reforzo nas áreas instrumentais no primeiro ciclo da ESO co obxecto de consolidar os contidos instrumentais;
- Manter unha oferta de optatividade aberta para a configuración dos propios itinerarios no segundo ciclo da ESO e en Bacharelato;
- Asemade, ofertar as materias de modalidade en itinerarios semi-pechados consontes ás diferentes vías e modalidades.

Alén das materias ordinarias establecidas nos artigos 9 e 10 do Decreto 156/2022, a oferta educativa do presente curso vén a completarse do seguinte xeito:

1.- Opción relixiosa:

En toda a etapa da ESO, o alumnado ten a opción de realizar a escolla entre Relixión Católica ou Proxecto Competencial. O currículo para a materia de Proxecto Competencial foi aprobado en CCP do 15 de Xuño e desenvólvese do seguinte xeito:

- 1ºESO: Técnicas de estudo e comprensión.
- 2ºESO: Aprendizaxe multidisciplinar e uso seguro de Internet e das Redes Sociais.
- 3ºESO: Igualdade de xénero e educación emocional.
- 4ºESO: Espírito crítico e procesos e procedementos para a investigación.

Asemade, na etapa de Bacharelato ofrécese como alternativa á Relixión Católica unha hora de atención educativa. No curso 2023-2024 a materia de Relixión non se imparte en 2º de Bacharelato por non ter alumnado matriculado.

2. Libre disposición do centro:

De acordo co establecido no artigo 12 do Decreto 156/2022, nos curso de 1º e 2º da ESO cóntase con 2 horas de libre disposición do centro que foron atribuídas so seguinte xeito:

- 1º ESO: 1 hora de reforzo de Matemáticas e 1 hora de reforzo en Lingua Galega, impartidas en candanseu caso polo docente titular da materia.
- 2º ESO: 1 hora de reforzo de Matemáticas e 1 hora de reforzo en Lingua Galega, impartidas en candanseu caso polo docente titular da materia.

3. Materias optativas:

Dentro das materias optativas, no presente curso ofertáronse as seguintes materias:

- 3º ESO: Cultura Clásica, Oratoria, Educación Dixital e 2º Lingua Estranxeira (Francés ou Portugués). As materias de Oratoria e Educación dixital non se imparten por non acadar o mínimo de alumnado.
- 4º ESO: Cultura Clásica, Filosofía, Oratoria, Dixitalización, Expresión Artística, Música, Tecnoloxía e 2º Lingua Estranxeira (Francés ou Portugués).
- 1º Bacharelato: Cultura Científica, Debuxo Artístico I, Francés I, Portugués I, Linguaxe e Práctica Musical e TIC I. As materias de Cultura Científica, Debuxo Artístico I e Linguaxe e práctica musical non se imparten por non acadar o mínimo de alumnado.
- 2º Bacharelato: Debuxo Artístico II, Francés II, Métodos Estatísticos e Numéricos, Portugués II, Psicoloxía e TIC II. As materias de Debuxo Artístico II e Métodos Estatísticos e Numéricos non se imparten por non acadar o mínimo de alumnado.

4. Itinerarios en 4º da ESO

Segundo o artigo 30 do Decreto 156/2022, o cuarto curso terá carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, os centros docentes, na configuración da súa oferta, poderán establecer agrupacións das materias mencionadas no punto 1.g) e no 1.h) en itinerarios, orientados cara ás diferentes modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, fomentando a presenza equilibrada de ambos os sexos nas diferentes ramas de estudo. En todo caso, o alumnado deberá poder alcanzar, por calquera dos itinerarios que se establezan, o nivel de adquisición das competencias clave establecido para a educación secundaria obrigatoria no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Atendendo ao parágrafo anterior establécense os seguintes itinerarios en 4º de ESO:

Itinerario de Ensinanzas Académicas (orientado aos estudos postobrigatorios de Bacharelato)

- Itinerario de Ciencias: Matemáticas B, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química
- Itinerario de Humanidades e CCSS: Matemáticas A/B, Economía e Emprendemento, Latín

Itinerario de Ensinanzas Aplicadas (orientado aos estudos de Formación Profesional)

• Itinerario de Ciclos Formativos: Matemáticas A/B, Formación e Orientación Persoal e Profesional, Optativa. Ademais todos os itinerarios veñen a completarse coa escolla de dúas das seguintes optativas: Cultura Clásica, Filosofía, Oratoria, 2ª lingua estranxeira (Francés/Portugués), Dixitalización, Expresión Artística, Tecnoloxía e Música.

5. Itinerarios en Bacharelato

1º de Bacharelato:

a) Itinerario de Ciencias: Matemáticas I; Física e Química; Bioloxía e Xeoloxía/Debuxo Técnico I; Tecnoloxía e Enxeñaría I / optativa.

b) Itinerario de CCSS e Humanidades: Matemáticas Aplicadas ás CCSS I/ Latín I; 2 materias de modalidade a elixir entre Historia do mundo contemporáneo, Grego I e Economía/Literatura Universal; 1 optativa.

2º de Bacharelato:

a) Itinerario de Ciencias e Tecnoloxía: Matemáticas II; Bioloxía ou Debuxo Técnico II; Química ou Tecnoloxía e Enxeñaría II ; Física / Xeoloxía ou optativa. As materias de Xeoloxía non se imparte por non acadar o mínimo de alumnado.

b) Itinerario de CCSS e Humanidades: Matemáticas Aplicadas ás CCSS II/ Latín II; Economía da empresa/ Historia da arte ; Xeografía / Grego II; unha optativa. A materia de Grego II non se imparte por non acadar o mínimo de alumnado.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Segundo a normativa vixente, o xefe do departamento de actividades extraescolares e complementarias será o vicedirector ou vicedirectora. O departamento estará integrado, ademais de polo xefe/a de departamento, polo profesorado e alumnado responsable de cada actividade concreta. Con carácter xeral, procurárase que a organización de actividades complementarias e extraescolares obedeza a estes principios básicos:

- Aumentar a colaboración multidisciplinar no centro.
- Evitar que a perda de horas provocada a terceiros pola realización de actividades extraescolares coincida de xeito repetido nas mesmas materias.

REGULAMENTO DAS ACTIVIDADES QUE IMPLICAN SAÍDAS FÓRA DO CENTRO

Os Departamentos didácticos entregarán, xunto coa súa programación anual, unha proposta de actividades complementarias e extraescolares onde se indique o trimestre e a data aproximada de cada actividade e o custo previsto desta actividade para o alumnado e para o centro en concepto de dietas do profesorado, etc.

Establécese un número máximo de catro saídas por grupo e ano académico, sen coincidir máis de dúas no mesmo trimestre. Cando se propoñan máis actividades das que se poidan realizar, primaranse as que se oferten ao curso completo sobre as de oferta selectiva. Tamén se dará preferencia ás propostas interdisciplinares sobre as dun único departamento, así que os departamentos se esforzarán en deseñar actividades complementarias que poidan integrarse nunha saída interdisciplinar.

Deberán ter unha consideración especial aquelas actividades que, por depender dunha subvención oficial ou por ter limitación de prazas, estean restrinxidas a un alumnado con características particulares (intercambios de idiomas, saídas de máis de un día de duración, subvención para alumnos/as dunha determinada especialidade, etc.)

Con frecuencia os departamentos reciben ofertas de actividades complementarias interesantes xa iniciado o curso e feitas as programacións. Se a proposta se fai para un grupo que non teña completo o cupo para ese trimestre, poderá ser aprobada. No caso de que o cupo estea xa completo, deberá reunirse con urxencia o equipo docente xunto co titor/a e o vicedirector/a para decidir sobre esa actividade.

O Departamento de actividades complementarias e extraescolares levará un control sobre as materias que resultan afectadas polas actividades para evitar, na medida do posible, que se concentren perdas excesivas de horas lectivas nunha mesma materia.

REGULAMENTO DAS ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN DENTRO DO CENTRO

1. Soe tratarse de actividades que implican a perda de só unha ou dúas horas lectivas, como charlas, debates, proxeccións ou obradoiros realizados no centro coa colaboración de persoal externo.

2. Establécese un número máximo de tres actividades por curso escolar e por grupo. Excedido ese límite, poderán levarse a cabo sempre e cando contén coa autorización do profesorado afectado. Non entran nas limitacións anteriores as seguintes actividades:

- Charlas que, impartidas por entidades colaboradoras como ERGUETE, a OMIX ou outras, se veñen realizando dende hai anos e ocupan unicamente ás horas de titoría.
- Festas e conmemoracións académicas habituais que afectan á totalidade do alumnado ou a niveis completos, como son: Magosto, Entroido, Festa das Letras Galegas, Día da Árbore e Correlingua.
- Actividades realizadas na súa totalidade fóra do horario lectivo.
- Actividades programadas para os ciclos formativos que non interfiren na marcha de case ningún departamento máis que o propio.

1. Tódolos anos recibimos chamadas de centros que queren presentar a súa oferta educativa ao noso alumnado, especialmente de 4º de ESO e 2º de Bacharelato. Como regra xeral, estas charlas se realizarán preferentemente no primeiro e segundo trimestre. Aquelas entidades que o soliciten no terceiro trimestre terán que facelas durante un recreo, sempre e cando non afecte ao calendario de exames dese grupo.

2. Cando por causa dunha actividade falte máis da metade do alumnado dun grupo non se avanzará materia. A este efecto non se terá en conta ao alumnado que non asistiu á actividade pero tampouco foi a clase. Cando o alumnado ausente non acade o 50%, o profesorado poderá avanzar materia.

3. Non deben programarse actividades complementarias para 2º de bacharelato durante o 3º trimestre porque supoñen sempre un problema ao afectar a exames e á programación das materias. Se hai algunha proposta de actividade extraescolar para este período deberá contar co acordo unánime do equipo docente.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O obxectivo xeral do plan de pendentes do centro é establecer medidas de carácter organizativo e de intervención educativa que contribúan a recuperación das materias pendentes e asegurar, polo tanto, que todo o alumnado alcance os obxectivos da etapa.

Os obxectivos específicos son:

- Mellorar a xestión das materias pendentes.
- Establecer coordinación entre os diferentes departamentos e aproximación á hora de definir estratexias para a recuperación das materias pendentes.
- Estructurar canles de comunicación co alumnado, familias, departamentos e titores.
- Potenciar o seguimento do proceso de recuperación dende as Xefaturas de Departamento e a Xefatura de Estudos para facilitar ao profesorado titor o seguimento.
- Reducir a porcentaxe do alumnado con materias pendentes.

PLAN DE REFORZO

Segundo o establecido no artigo 28.4 da LOMLOE e no artigo 51 da orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor. Será un plan que terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias e será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou alumno.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Para a superación da materia pendente, a alumna ou alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos da promoción e/ou titulación. Para a elaboración do devandito plan de reforzo empregárase o modelo deseñado polo Departamento de Orientación.

PLAN DE ACTUACIÓN

O plan de recuperación das materias ou módulos pendentes deberá estar recollido na programación didáctica do Departamento correspondente. Este plan deberá ser deseñado tendo en conta as directrices xerais recollidas neste Plan xeral de actuación e centrarse en garantir a adquisición das competencias e contidos non adquiridos, especificándose os procedementos concretos e diferenciados de seguimento, recuperación e avaliación das materias

ou módulos pendentes.

Cada Departamento elaborará un resumo dos criterios e dos instrumentos de avaliación das materias ou módulos pendentes segundo un modelo preestablecido. Dende Xefatura de Estudos, crearase un documento único que recolla todos os aspectos básicos dos plans de reforzo dos diferentes Departamentos que será publicado na páxina web do centro para a información das familias e do alumnado ao inicio do curso.

Asemade, será publicado na páxina web do centro un calendario común a todos os Departamentos para a realización das probas. Nas semanas nas que se consigne dende Xefatura de Estudos a realización de probas de recuperación de materias ou módulos pendentes, non poderán programarse probas ordinarias.

Cada Departamento deberá crear un único curso virtual destinado ás materias ou módulos pendentes como repositorio de acceso a todos os materiais, recursos e/ou tarefas de recuperación a realizar polo alumnado. Ese curso virtual, no que se recollerán todos os niveis, deberá estar dispoñible e con todo o alumnado matriculado antes do 30 de setembro do curso académico vixente. A tal efecto, para o alumnado da ESO será de rigor o uso da plataforma Edixgal e para o alumnado de ciclos formativos e Bacharelato a Aula Virtual do centro.

COORDINACIÓN

A Xefatura de Estudos coordinará todo o proceso de forma conxunta así coma as actuacións dos diferentes Departamentos didácticos co fin de garantir a coherencia na actuación docente e así coma de establecer canles de comunicación entre o alumnado, titores e profesorado ou Xefaturas de Departamento. Ademais, a Xefatura de Estudos será a encargada de establecer un calendario común de actuacións.

Cada Departamento establecerá o profesorado encargado de supervisar o proceso de recuperación e avaliación das materias ou módulos pendentes, sendo elixido preferentemente o profesorado que imparta a materia á alumna ou alumno no curso académico no que está matriculado. O profesorado deberá informar aos Xefes de Departamento da evolución do alumnado no proceso de recuperación das materias pendentes.

Asemade, os Xefes de Departamento serán os encargados de realizar o seguimento do proceso global de recuperación e de trasladar a Xefatura de Estudos toda a información recabada. O seguimento do plan de recuperación das materias pendentes realizarase en cada sesión de avaliación parcial e na sesión de avaliación final. No caso de materias pendentes na etapa de Bacharelato, a avaliación final terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

Para a realización do seguimento crearase un único documento na plataforma de documentos compartidos da Consellería (AbalarBox), onde a Xefatura de Estudos elaborará a principios de setembro unha táboa co alumnado que teña materias ou módulos pendentes no ano académico en curso, identificando o alumnado e o nivel no que se atopa e a materia ou módulo pendente (denominación e nivel). En cada caso indicaranse as cualificacións obtidas nas tarefas e/ou probas escritas. Naqueles casos nos se avalíe a materia pendente segundo os resultados obtidos na materia do nivel no que se atopa o alumno ou alumna indicarse tamén a cualificación obtida. Este documento único será compartido coas Xefaturas de Departamento que serán as encargadas de manter a información actualizada a medida que o alumnado vai avanzando no proceso de recuperación, e co profesorado titor para o seguimento do seu alumnado.

Así mesmo, as xefaturas de departamento consignarán a cualificación das materias pendentes no XADE en cada unha das avaliacións dentro dos periodos correspondentes establecidos para a 1ª avaliación, a 2ª avaliación, a 3ª e final ou ordinaria e na extraordinaria segundo corresponda.

Recuperación de materias que se extinguen

Segundo o establecido no artigo 12 da Resolución de 6 de xuño de 2023, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, ESO e bacharelato no curso académico 2023/24, o alumnado que teña pendentes materias que se extinguen deberá recuperalas co currículo establecido no Decreto 156/2022, do 15 de setembro. Para estes efectos, terase en conta:

1. Nas materias con igual denominación entre o sistema novo e o sistema que se extingue, recupéranse co currículo da nova materia.

2. Nas materias que cambian de denominación entre os dous sistemas establécese a seguinte correspondencia: Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas (3ºESO) e Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas (3ºESO) corresponde con Matemáticas (3ºESO); Tecnoloxía (2ºESO) corresponde con Tecnoloxía e Dixitalización (2ºESO).

3. As materias de libre configuración de primeiro e de segundo curso e a materia de Tecnoloxía de terceiro curso non teñen correspondencia con materias do novo sistema, polo que o alumnado deberá matricularse delas pero non terá obriga de recuperalas.

TEMPORALIZACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DO PLAN

Inicio do curso (setembro):

Profesorado responsable

- Elaboración do plan de reforzo (alumnado da ESO) segundo o modelo do Departamento de Orientación.
- Envío dos plan de reforzo ao Xefe/a de Departamento.
- Publicación no curso virtual do repositorio de recursos e actividades.

Xefaturas de Departamento

- Elaboración da táboa resumo cos criterios.
- Creación do curso na plataforma virtual.
- Matrícula do alumnado no curso virtual.
- Información ao alumnado.
- Envío dos plans de reforzo ao Departamento de Orientación.

Xefatura de Estudos

- Publicación en AbalarBox das listaxes de alumnado con materias pendentes.
- Información aos titores do alumnado con materias pendentes e do plan de actuación.
- Elaboración do calendario de probas e publicación na web do centro.
- Creación do documento de seguimento en Abalarbox destinado aos xefes de departamento e titores.
- Elaboración de documento de información ás familias e publicación na web do centro.

Titores

- Informar ao alumnado.
- Informar ás familias empregando o modelo de acreditación.

1º/2º/3º trimestres:

Profesorado responsable

- Valorar as tarefas/actividades/probas de recuperación realizadas polo alumnado.

Xefaturas de Departamento

- Levar a cabo o seguimento do alumnado do plan de recuperación de pendentes.
- Informar aos titores e a Xefatura de Estudos sobre posibles incidencias.
- Manter a información de seguimento actualizada no documento compartido en Abalarbox.
- Consignar no XADE a calificación en cada sesión de avaliación.

Xefatura de Estudos

- Levar a cabo o seguimento global do alumnado do plan de recuperación de pendentes

Titores

- Informar sobre o seguimento do alumnado ás familias.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Tal e como se recolle no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

Para a elaboración do devandito plan específico personalizado empregárase o modelo deseñado polo Departamento de Orientación. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

PROMOCIÓN NA ESO

A decisión da promoción terá lugar na Avaliación Final e será adoptada de forma colexiada pola xunta avaliadora atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave e ás medidas que favorezan o progreso do/a alumno/a.

Decidirase sempre a promoción cando a/o alumno/a supere todas as materias ou teña avaliación negativa en dúas materias (incluídas as materias pendentes).

O Equipo Docente poderá determinar a promoción dun alumno ou alumna sempre que se dean as seguintes condicións:

- A media aritmética das cualificacións é igual ou superior a 5.
- A natureza das materias non superadas lle permiten seguir con éxito o curso seguinte. En ningún caso poderase dar a combinación nas materias non superadas de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Matemáticas.
- A estimación de expectativas favorables de recuperación. Non se considerarán unhas expectativas favorables cando haxa máis de tres materias non superadas.
- A promoción beneficiará á evolución académica do/a alumno/a.
- A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio.

No caso de non haber unanimidade a toma de decisións requirirá acordo favorable da maioría simple.

TÍTULO DE GRADUADO EN ESO

A decisión da promoción terá lugar na Avaliación Final e será adoptada de forma colexiada pola xunta avaliadora atendendo á consecución dos obxectivos de etapa e á adquisición das competencias clave. Decidirase sempre a promoción cando o/a alumno/a supere todas as materias.

O Equipo Docente poderá determinar a promoción dun alumno ou alumna sempre que se dean as seguintes condicións.

- A media aritmética das cualificacións é igual ou superior a 5.
- A xuízo do equipo docente adquiriu as competencias establecidas e os obxectivos de etapa. Atendendo a esta condición, a non superación de máis de 2 materias entenderanse como casos nos que o alumnado non acadara os obxectivos de etapa.

No caso de non haber unanimidade a toma de decisións requirirá acordo favorable da maioría simple.

PROMOCIÓN NO BACHARELATO

A decisión da promoción terá lugar na avaliación ordinaria ou na extraordinaria. Decidirase sempre a promoción cando o/a alumno/a supere todas as materias ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.

TITULACIÓN NO BACHARELATO

A decisión da titulación terá lugar na avaliación ordinaria ou na extraordinaria. Será necesaria a avaliación positiva en todas as materias.

Excepcionalmente o Equipo Docente poderá decidir a obtención do título de bacharel cunha materia suspensa con estas condicións:

- Considérase que o alumno ou alumna acadou os obxectivos e competencias vinculados a ese título.
 - Non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada.
 - O alumno ou alumna se presentou ás probas e realizou as actividades para a súa avaliación (incluída a extraordinaria).
 - A media aritmética das cualificacións da etapa é igual ou superior a 5.
- No caso de non haber unanimidade a toma de decisións requirirá acordo favorable da maioría simple.

PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO BÁSICO

O alumnado poderá promocionar a segundo curso cando os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20% do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I.

A superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en tódolos módulos profesionais e nos ámbitos que o compoñen.

PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO

O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración dos módulos pendentes non supera as 300 horas.

A superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en tódolos módulos profesionais e nos ámbitos que o compoñen.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

CRITERIOS DE OUTORGAMENTO NA ESO

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente do cuarto curso. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra será a media aritmética das cualificacións obtidas na avaliación final de 4º da ESO. No caso de empate tomarase como referencia a media aritmética das cualificacións obtidas ao longo de toda a ESO.

CRITERIOS DE OUTORGAMENTO NO BACHARELATO

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación ordinaria de segundo curso, obtivesen unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente do segundo curso. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra será a media aritmética das cualificacións obtidas na avaliación ordinaria de 2º de Bacharelato. No caso de empate tomarase como referencia os seguintes criterios, de persistir o empate no primeiro criterio pasarase ao segundo, e así sucesivamente:

1. Media aritmética das cualificacións obtidas ao longo de todo Bacharelato.
2. Media aritmética das cualificacións obtidas nas materias comúns de 2º de Bacharelato: Lingua e Literatura Castelá II, Lingua e Literatura Galega II, Historia de España e 1ªLingua estranxeira: inglés II.
3. Media aritmética das cualificacións obtidas nas materias comúns do Bacharelato: Educación Física, Filosofía, Lingua e Literatura Castelá I e II, Lingua e Literatura Galega I e II, Historia de España e 1ªLingua estranxeira: inglés I e II.

CRITERIOS DE OUTORGAMENTO NA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO BÁSICO E GRAO MEDIO

Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Ao longo do primeiro trimestre do curso, e dentro dos prazos establecidos na Orde do calendario escolar, cada Departamento didáctico elaborará de forma colexiada e coordinada cadansúa programación de cadansúa materia e nivel, conforme o modelo e os apartados proporcionados pola aplicación correspondente. Para as programacións da ESO e Bacharelato a lexislación vixente establece que serán elaboradas a través da aplicación informática PROENS. Pola súa banda, as programacións didácticas dos módulos dos Ciclos Formativos e da FP Básica serán elaboradas na aplicación Programacións.

As Xefaturas de Departamento entregarán á Dirección as diferentes programacións dentro dos prazos acordados para tal fin. As programacións serán obxecto de revisión tanto pola Xefatura do Departamento como pola Dirección. Dita revisión atenderá aos seguintes criterios:

- A programación debe ter desenvoltos todos os apartados indicados.
- As referencias normativas deben estar actualizadas.
- A redacción dos apartados debe ser clara.
- Os aspectos planificados nas distintas partes deben ser coherentes.
- Os pesos das unidades deben ser coherentes co indicado no apartado de criterios de cualificación para o cálculo na nota da avaliación final e cos diferentes apartados da programación.
- No seu apartado de recuperación das materias/módulos pendentes, a programación atende ao acordado no Plan de Pendentes e recollido nesta Concreción Curricular.
 - Os diferentes apartados responden aos criterios e as decisións acordados polo claustro nesta concreción curricular e na lexislación vixente.
 - Respéctase a protección de datos.

Os departamentos realizarán o seguimento das programacións didácticas de cada materia mensualmente, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada a través da respectiva aplicación, seguindo os criterios recollidos na propia programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro poderá participar en proxectos, plans e programas cando haxa unha iniciativa coordinada por unha ou un docente. A dirección difundirá entre o profesorado interesado as convocatorias dos proxectos ou plans que poidan ser do seu interese. Cando haxa máis dun proxecto ou iniciativa para unha mesma convocatoria e soamente sexa posible a presentación dun único proxecto por centro, terase en conta os seguintes criterios: número de alumnas e alumnos participantes, número de niveis e presenza de grupos pertencentes á ESO, Ciclos e Bacharelato, número de docentes que participan na iniciativa e número de departamentos, coordinacións e equipos integrantes. Así, ante unha situación de selección, terá preferencia o proxecto que integre a un maior número de alumnos e alumnas e no que participe dun xeito interdisciplinar o profesorado. Así mesmo, a participación tamén implica que a persoa coordinadora terá que por en coñecemento da participación do centro nun proxecto, plan ou programa á Dirección e, cando sexa condición, ao Claustro e ao Consello Escolar. Do mesmo xeito, o profesorado participante informará ao seu Departamento didáctico.

Sempre que os plans, proxectos ou convocatorias estén relacionados con contidos curriculares ou os elementos transversais recollidos na lexislación actual serán susceptibles de ser valorados. A maiores, terase en conta na valoración a necesidade de recursos humanos e materiais para o desenvolvemento do proxecto en cuestión, polo que a aprobación da participación do centro estará sempre suxeito a que non implique uhan redución de recursos, humanas ou materiais, e/ou modificacións organizativas relevantes. Nestas circunstancias a participación terá que ser valorada polos órganos competentes: Equipo Directivo, Consello Escolar e ou Claustro.

Para o curso 2023-2024 o centro participa nos seguintes proxectos, plans e programas da Consellería de Educación:

- Plan Proxecta
- Programas de Éxito Educativo:
 - Acreditación Alumnado Linguas Estranxeiras
 - Club de Ciencia
 - Contratos Programa Inclúe
 - Contratos Programa Innova
 - Edixgal

- Polos Creativos
- EduFrance
- Aulas de Emprendemento
- LÓVA
- Radio na Biblio
- Club de Lectura

Convocatorias doutras administracións e entidades:

- Axudas para o suministro de froita e leite (Fondo Galego de Garantía Agraria)
- DepoEmprende (Deputación de Pontevedra)

O centro tamén fomentará a participación do alumnado en premios e convocatorias, promovendo a súa difusión e asesorando ao alumnado nos procedementos necesarios para a participación nos mesmos (Premio extraordinario da ESO e do Bacharelato; Premio ao esforzo e superación, etc.).

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Esta concreción curricular será revisada anualmente pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e presentada ao Claustro para a súa aprobación durante o primeiro trimestre do curso e en calquera outra data durante o curso cando se considere necesario modificar ou completar calquera dos puntos tratados.

A comezos de cada curso será sometida a votación en Claustro e posta logo en coñecemento do Consello Escolar, así como tamén, do resto da comunidade educativa a través da páxina web do centro.

o) Outros apartados

1. Revisións e actualizacións

Rexistro das versións e modificacións do documento.

- Primeira versión: novembro de 2023. Equipo Directivo
- Segunda versión: decembro de 2023. Claustro